



DECRETO DE ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN EXPEDIENTE CONTRATO DE OBRA “CAMIÑO DE VILLABUIL A RIAL (CASTROFEITO) E OUTROS”.

Visto que por Providencia de Alcaldía de data 04/09/2020 acordouse iniciar o expediente para a contratación referenciada motivando a necesidade e idoneidade da contratación proposta.

Visto que con data 04/09/2020 polo Alcalde foi detectada a necesidade de realizar a contratación da execución do proxecto “CAMIÑO DE VILLABUIL A RIAL (CASTROFEITO) E OUTROS”, elaborado polo enxeñeiro de camiños D. Pablo Blanco Ferreira, colexiado nº 22.992, de data agosto 2020

Dada a característica da obra considérase como procedemento máis axeitado o procedemento aberto simplificado.

Visto que con data 04/09/2020 foi emitido Informe pola Secretaria do Concello sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente e sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir e o órgano competente para aprobar e adxudicar o contrato.

Examinada a documentación que a acompaña e de conformidade co establecido no artigo 117 Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, **ACORDO:**

PRIMEIRO.- Avocar a competencia da Xunta de Goberno Local en base ao artigo 10 da lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, dada a urxencia da contratación.

SEGUNDO.- Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado, da obra “CAMIÑO DE VILLABUIL A RIAL (CASTROFEITO) E OUTROS”.

TERCEIRO.- Autorizar, en contía de 89.396,77 euros, o gasto que para este Concello





representa a contratación da obra por procedemento aberto simplificado, con cargo á aplicación 453.60900.

CUARTO.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas e de Prescricións Técnicas e cadro de características que rexen a licitación.

QUINTO.- Publicar o prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o Prego de Prescricións Técnicas, así como o cadro de características no perfil do contratante do Concello.

O Pino, a 04 de setembro de 2020.

O ALCALDE-PRESIDENTE,

Asdo.: Manuel Taboada Vigo

